

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

7533 *Real decreto 579/2014, do 4 de xullo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, en materia de cédulas e bonos de internacionalización.*

Desde o estalido da crise financeira no verán de 2007, tivo lugar en España unha considerable contracción do crecemento económico, que foi acompañada e reforzada pola redución do crédito bancario. A caída do nivel de actividade económica foi parcialmente contrarrestada polo bo comportamento da demanda externa. Así, por exemplo, en 2012, a contribución do sector exterior ao crecemento do produto interior bruto foi de 2,5 puntos porcentuais.

A pesar destas positivas cifras, as empresas que desenvolven o seu negocio no mercado exterior non están a ser alleas ás restricións crediticias que afectan o conxunto da economía nacional. É por iso que xa o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modificou a Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, co obxecto de prever entre as súas disposicións a creación dun novo mecanismo de financiamento bancario, a cédula de internacionalización.

As cédulas de internacionalización, a semellanza das cédulas hipotecarias e territoriais, son instrumentos de renda fixa a cuxa emisión queda afecta como garantía unha carteira de préstamos e créditos concedidos previamente polo emisor. No caso particular das cédulas de internacionalización, os ditos préstamos e créditos deben estar vinculados ao financiamento de contratos de exportación ou á internacionalización de empresas que cumpran certos requisitos de calidade crediticia.

Pola súa banda, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, substitúe o marco legal das cédulas de internacionalización establecido no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, ao redefinir os activos elixibles para garantir as cédulas territoriais e as cédulas de internacionalización. Ademais, a citada Lei 14/2013, do 27 de setembro, prevé a creación dun novo instrumento, o bono de internacionalización.

Os bonos de internacionalización, a diferenza das cédulas de internacionalización, non están garantidos por toda a carteira de préstamos e créditos elixibles, senón unicamente por aqueles que foron afectados á emisión mediante escritura pública. Con iso dótase o emisor da capacidade para adaptar as súas emisións ás preferencias dos investidores.

As cédulas e bonos de internacionalización constitúense, polo tanto, como un mecanismo de refinanciamento dos préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación ou á internacionalización de empresas. Con iso perséguese, por un lado, facilitar o acceso ao financiamento das entidades e, por outro, que as ditas facilidades acaben redundando en mellores condicións de financiamento para as empresas exportadoras ou inmersas en procesos de internacionalización.

Para conseguir a plena operatividade das cédulas e bonos de internacionalización é necesario culminar o desenvolvemento regulamentario dos aspectos en materia de cédulas e bonos de internacionalización contidos na Lei 14/2013, do 27 de setembro. É por iso que este real decreto se asenta en tres piares fundamentais: a normativa que debe rexer as emisións, as disposicións que rexen as operacións sobre estes títulos no mercado secundario e as competencias de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Banco de España.

No que respecta á normativa de emisión, o real decreto establece a información que deben conter as emisións de cédulas e bonos de internacionalización, a forma de cálculo dos límites máximos de emisións e os mecanismos para restablecer os ditos límites cando son excedidos. Así mesmo, co obxecto de ofrecer unha imaxe fiel e transparente das garantías que ofrecen as cédulas e bonos de internacionalización, as entidades deberán rexistrar os activos que garanten as súas emisións.

En canto ao funcionamento do mercado secundario de cédulas e bonos de internacionalización, sen prexuízo das disposicións establecidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, o real decreto pon especial énfase na regulación das operacións que o emisor pode realizar sobre as súas propias cédulas e bonos de internacionalización.

Por último, en materia de supervisión, corresponderalle ao Banco de España a supervisión das condicións exixibles aos activos de cobertura das cédulas e bonos de internacionalización mentres que a Comisión Nacional do Mercado de Valores supervisará as cuestións relacionadas coas ofertas públicas de cédulas e bonos de internacionalización e o devir destes títulos no mercado secundario.

Xunto co réxime xurídico das cédulas e bonos de internacionalización, a disposición adicional única, en desenvolvemento do artigo 13.Oitavo da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, prevé un rexistro contable para os activos que garanten as cédulas territoriais similar ao establecido para as cédulas e bonos de internacionalización, cuxa elaboración se encomenda ao Banco de España.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto realizar o desenvolvemento normativo da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, no que se refire ás cédulas e bonos de internacionalización regulados no seu artigo 34.

Artigo 2. *Emisores de cédulas e bonos de internacionalización.*

Poderán emitir valores de renda fixa en serie ou singularmente coa denominación de «Cédulas de internacionalización» ou «Bonos de internacionalización» cuxo capital e xuros estarán especialmente garantidos polos activos previstos no artigo 34.6 e 8 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, as entidades mencionadas no número 1 do artigo 34.1 da dita lei.

CAPÍTULO II

Emisión de cédulas e bonos de internacionalización

Artigo 3. *Información que deben conter as cédulas de internacionalización.*

1. Os títulos das cédulas de internacionalización conterán, polo menos, os seguintes datos:
 - a) A designación específica e a indicación da súa lei reguladora.

- b) A expresión de se son nominativas, á orde ou ao portador e, de ser o caso, o nome do titular ou o da persoa a cuxa orde estean libradas. En defecto de cualificación expresa entenderanse emitidas ao portador.
- c) O seu valor nominal e o das primas, se as tiveren.
- d) O prazo e forma de amortización do capital.
- e) Os xuros que devindiquen e os seus vencementos.
- f) A opción que, en canto á forma de pagamento, permite o artigo 11.
- g) A expresión de se a cédula é única ou se pertence a unha serie e, neste último caso, o número do título e o número ou a letra da serie, se houber varias.
- h) A data da emisión.
- i) O nome e o domicilio da entidade emisora e, de ser o caso, os datos da súa inscrición no Rexistro Mercantil.
- j) O selo da entidade emisora e a sinatura de, polo menos, un dos seus conselleiros ou apoderados, que se poderá imprimir, cumprindo os requisitos legais, cando as cédulas se emitan en serie.
- k) A expresión de se a cédula inclúe ou non unha opción de amortización anticipada a favor do emisor e as circunstancias en que esta se pode exercer.

2. Cando as cédulas de internacionalización estean representadas por medio de anotacións en conta faranse constar no documento a que se refire o artigo 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aqueles datos mencionados no número anterior que resulten compatibles con tal forma de representación.

Artigo 4. Información que deben conter os bonos de internacionalización.

Os bonos de internacionalización conterán os datos que para as cédulas establece o artigo 3 e, ademais, os seguintes:

- a) O nome e a residencia do notario ante o cal se outorgase a escritura pública pola que se afectan os préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou a internacionalización de empresas á emisión de bonos de internacionalización, así como o número do protocolo en que conste a dita escritura pública.
- b) A circunstancia de que os bonos están especialmente garantidos pola afectación dos préstamos e créditos citados na escritura pública e, se existen, polos activos de substitución previstos no artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, que se afecten en escritura pública e polos fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados, así como as garantías destes, vinculados a cada emisión que, así mesmo, se afecten en escritura pública.
- c) A circunstancia de que a afectación recollida na letra anterior non exclúe a responsabilidade patrimonial universal da entidade emisora.
- d) O domicilio do sindicato de tedores de bonos, se se trata dunha emisión en serie, e no caso en que este se constituíse de acordo co previsto no artigo 34.5 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.
- e) De ser o caso, a data de inscrición da emisión no Rexistro Mercantil.

Artigo 5. Normas xerais de emisión.

1. A realización das emisións de cédulas e bonos de internacionalización axustarase, sen prexuízo do previsto neste real decreto, á normativa reguladora do mercado de valores. Adicionalmente, a realización destas emisións axustarase aos pactos, estatutos ou normas das entidades emisoras e aos acordos dos seus órganos competentes, sempre que non contraveñan o establecido na normativa reguladora do mercado de valores.

2. As cédulas e bonos de internacionalización poderanse emitir coas características financeiras que se desexen conforme o que se establece no artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.

3. As cédulas e bonos de internacionalización poderán incluír cláusulas de amortización anticipada á disposición do emisor segundo o especificado nos termos da emisión.

4. En ningún caso poderá resultar prexudicado o debedor dun préstamo ou crédito vinculado ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou á internacionalización de empresas nin, se o houber, o garante de tales préstamos ou créditos pola emisión de cédulas e bonos de internacionalización.

Artigo 6. Emisión de cédulas de internacionalización.

1. Cando as cédulas de internacionalización non se emitan en serie, a data da súa emisión deberá constar en forma fidedigna.

2. Os títulos emitidos en serie expediranse en libros talonarios cun rexistro matriz e estarán numerados correlativamente. Poderán existir varias series dentro dunha mesma emisión. A diferenza poderá consistir no valor nominal, no contido dos dereitos ou en ambas as dúas cousas á vez. Non obstante, os títulos de cada serie serán de igual valor e conferirán os mesmos dereitos.

3. A emisión de cédulas de internacionalización suporá a obriga da entidade emisora de manter un rexistro contable especial co contido que se detalla no artigo 10.

4. Os activos de substitución que, de acordo co artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, amparen emisións de cédulas de internacionalización farano ata o límite establecido no dito número e con relación a unha emisión determinada de cédulas de internacionalización realizada pola entidade. Os activos de substitución deberanse vincular a unha determinada emisión de cédulas no momento en que a emisión se produza e quedarán identificados no rexistro contable especial de acordo co disposto no artigo 10 deste real decreto.

5. Para os efectos do cálculo do límite establecido no artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, os activos de substitución vinculados a unha emisión de cédulas de internacionalización valoraranse polo seu valor de mercado no momento da súa vinculación á emisión de cédulas de internacionalización.

6. Os emisores de cédulas de internacionalización adoptarán as medidas necesarias para evitar desequilibrios inapropiados entre os fluxos procedentes da carteira de cobertura e os derivados da atención dos pagamentos debidos polas cédulas de internacionalización que emitan.

Artigo 7. Emisión de bonos de internacionalización.

1. A afectación de préstamos ou créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou á internacionalización de empresas a unha emisión de bonos de internacionalización farase constar, unha vez finalizado o período de subscrición da emisión e antes de que se produza o desembolso por parte dos tedores dos bonos, en escritura pública. Só poderán afectarse a emisións de bonos de internacionalización préstamos e créditos que resulten elixibles de acordo co artigo 34.8 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.

2. A citada escritura, ademais de reunir os requisitos exixidos pola lexislación notarial, conterá, polo menos, o seguinte:

- a) Denominación, domicilio e data de constitución da entidade emisora.
- b) Nome, apelidos e domicilio dos seus administradores.
- c) Importe e condicións da emisión.
- d) Data inicial e prazo de subscrición dos títulos.
- e) Natureza, clase e características dos títulos, con referencia a cada unha das series, se houber varias, expresando o valor nominal dos títulos, as primas, se as houber, a forma e os prazos de amortización do capital, os xuros que devindiquen e os seus vencementos.

f) Relación detallada dos préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos e á internacionalización de empresas que queden afectos ao pagamento dos bonos, con indicación dos seus capitais, valor actualizado no momento da emisión e a data de constitución, así como os datos suficientes para identificar os activos de substitución vinculados á emisión a que se refire o artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, e os instrumentos financeiros derivados afectos á emisión.

g) Constitución do sindicato de tedores de bonos cando estes se emitan en serie e nos casos en que esta se produza de acordo co previsto no artigo 34.5 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.

3. A emisión poderase inscribir na folla do Rexistro Mercantil correspondente á entidade emisora cando esta estiver suxeita a inscrición no dito rexistro. A emisión de bonos de internacionalización farase constar, adicionalmente, nun rexistro contable especial que levará a entidade emisora e que terá o contido que se detalla no artigo 10.

4. Os activos de substitución que, de acordo co artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, amparen emisións de bonos de internacionalización farano ata o límite establecido no dito artigo e con relación a unha emisión determinada de bonos de internacionalización realizada pola entidade. Os activos de substitución deberanse vincular a unha determinada emisión de bonos no momento en que a dita emisión se produza e quedarán identificados no rexistro contable especial de acordo co artigo 10.

5. Para os efectos do cálculo do límite establecido no artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, os activos de substitución vinculados a unha emisión de bonos de internacionalización valoraranse polo seu valor de mercado no momento da afectación á emisión de bonos de internacionalización.

6. Os emisores de bonos de internacionalización adoptarán as medidas necesarias para evitar desequilibrios inapropiados entre os fluxos procedentes da carteira de cobertura e os derivados da atención dos pagamentos debidos polos bonos emitidos.

Artigo 8. *Sindicato de tedores de bonos.*

1. Respecto ao funcionamento do sindicato de tedores de bonos, facultades e atribucións do presidente e da asemblea de tedores observarase o disposto no artigo 34.5 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, neste real decreto e no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

2. O sindicato de tedores de bonos poderá exercer as seguintes funcións, se así se acorda no momento da súa constitución:

a) Permitirlle á entidade emisora pospor as garantías existentes ao seu favor de préstamos ou créditos afectos á emisión de bonos de internacionalización.

b) Permitirlle, mediante acordo, á entidade emisora, cancelar as ditas garantías por causa distinta do pagamento do préstamo ou crédito garantido.

c) Permitirlle á entidade emisora renunciar ou transixir sobre elas.

d) Permitirlle á entidade emisora facer novación do préstamo ou crédito, condonalo en todo ou en parte ou prorrogalo.

e) Impedirlle, en xeral, á entidade emisora realizar calquera acto que diminúa o rango, a eficacia xurídica ou o valor económico dos préstamos ou créditos afectos como garantía.

f) Intervir, a través do seu presidente, en caso de emisión en serie, na escritura pública pola que se afectan os préstamos ou créditos á emisión de bonos, mencionada no artigo 7.1.

g) En representación dos tedores de bonos, pechar coa entidade emisora o convenio a que se refire o artigo 11.1.b).

Artigo 9. *Instrumentos financeiros derivados vinculados á emisión de cédulas ou bonos de internacionalización.*

Os instrumentos financeiros derivados vinculados a unha emisión de cédulas ou bonos de internacionalización a que se refire o artigo 34.6, último parágrafo, da Lei 14/2013, do 27 de setembro, deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Serán operacións de permuta de tipos de xuro, divisa, cobertura por incumprimento crediticio ou outros instrumentos financeiros derivados que teñan por obxectivo cubrir do risco de tipo de xuro, de tipo de cambio, de crédito ou de calquera outro tipo en que se incorrese coa emisión.

b) Os contratos deberán especificar que o dereito da entidade emisora ao valor positivo e ás garantías ao seu favor, de existiren, do contrato de instrumento financeiro derivado non se verá prexudicado por que a dita entidade sexa declarada en concurso. Do mesmo modo, entenderase cumprido este requisito cando o concurso da entidade emisora non supoña a terminación do contrato de instrumento financeiro derivado.

c) As contrapartes dos contratos de derivados non poderán pertencer ao grupo consolidable da entidade emisora e deberán recibir unha ponderación de risco, como máximo, do 50 por cento, para os efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de crédito no momento da contratación do derivado.

Artigo 10. *Rexistro contable especial.*

1. As entidades a que se refire o artigo 2 emisoras de cédulas ou bonos de internacionalización levarán un rexistro contable especial dos préstamos e créditos que serven de garantía ás ditas emisións, dos activos de substitución que as amparen e dos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión.

2. O rexistro contable especial actualizarase de forma continua e constará de dúas partes diferenciadas.

a) Na primeira parte constará:

1.º Co contido que determine o Banco de España, a relación de todos os préstamos e créditos que amparan as cédulas de internacionalización emitidas pola entidade clasificados en función do risco de insolvencia imputable ao cliente ou á operación.

2.º A relación dos activos de substitución que amparan cada emisión de cédulas, con indicación expresa da emisión a que quedan vinculados e co contido establecido no anexo I.

3.º A relación dos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión, con indicación expresa da emisión a que quedan vinculados e co contido establecido no anexo II.

b) Na segunda parte constará:

1.º Co contido que determine o Banco de España, a relación de todos os préstamos e créditos que amparan cada unha das emisións de bonos de internacionalización realizadas pola entidade clasificados en función do risco de insolvencia imputable ao cliente ou á operación.

2.º A relación dos activos de substitución que amparan a dita emisión de bonos de internacionalización co contido establecido no anexo I.

3.º A relación dos instrumentos financeiros derivados vinculados á dita emisión co contido establecido no anexo II.

Para estes efectos, serán necesarias tantas subdivisións desta segunda parte como emisións de bonos de internacionalización vivas teña a entidade.

3. O Banco de España poderá aclarar as definicións dos conceptos contidos nos anexos I e II e realizar adaptacións de orde técnica ao rexistro contable especial regulado nos puntos anteriores.

4. O Banco de España determinará os datos esenciais do rexistro mencionado neste artigo, que se deberán incorporar ás contas anuais da entidade emisora e que incluirán, como mínimo:

a) Os seguintes valores agregados extraídos da primeira parte do rexistro:

1.º O valor nominal pendente de cobramento da totalidade da carteira de préstamos e créditos que resultan elixibles de acordo co artigo 34.6 e 8 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, e

2.º O valor nominal dos activos de substitución afectos a cada unha das emisións de cédulas de internacionalización e a súa desagregación, segundo a súa natureza.

b) Os seguintes valores agregados extraídos da segunda parte do rexistro e calculados para cada unha das emisións de bonos de internacionalización da entidade:

1.º O valor nominal pendente de cobramento e o valor actualizado, calculado de acordo co artigo 12, da totalidade da carteira de préstamos e créditos que cobren a emisión de bonos,

2.º O valor nominal e o valor actualizado, calculado de acordo co artigo 12, da totalidade dos bonos de internacionalización vivos da emisión e

3.º O valor nominal da totalidade dos activos de substitución afectos á emisión de bonos de internacionalización e a súa desagregación, segundo a súa natureza.

c) Os valores nominais agregados das cédulas e bonos de internacionalización de cada clase vivos emitidos pola entidade, con indicación expresa de se o foron mediante oferta pública.

d) Os valores nominais agregados das cédulas e bonos de internacionalización de cada clase vivos emitidos pola entidade en posesión da propia entidade emisora.

e) A porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o valor actualizado de cada emisión de bonos de internacionalización non vencida da entidade e o valor actualizado dos créditos e préstamos afectos como garantía de cada emisión, calculado conforme o disposto no artigo 12.

f) A porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o nominal de cédulas emitidas e non vencidas e o valor nominal pendente de cobramento dos créditos e préstamos afectos como garantía, calculado conforme o disposto no artigo 13.

5. As entidades emisoras de cédulas ou bonos de internacionalización deberán incluír unha nota específica na súa memoria anual de actividades que se refira aos datos mencionados no punto anterior. A dita nota incluírá, adicionalmente, unha manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente da entidade, relativa á existencia de políticas e procedementos expresos en relación coas súas actividades de financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou de procesos de internacionalización de empresas, e pola que o dito órgano se faga responsable do cumprimento da normativa aplicable para a emisión destes valores.

Artigo 11. *Extinción e prescrición.*

1. A afectación de préstamos ou créditos en garantía dunha emisión de bonos de internacionalización extinguirase:

a) Pola amortización total ou parcial dos bonos emitidos.

b) Polo convenio entre a entidade emisora e os tedores de bonos ou o tedor do bono único para a extinción da garantía ou para a substitución dun ou varios préstamos ou créditos por outro ou outros de igual ou superior valor actual que reúnan os requisitos exixidos por este real decreto. Para estes efectos, os tedores de bonos poderán ser representados polo sindicato de tedores de bonos se se acordou así no momento da constitución do dito sindicato.

2. Desde o día do seu vencemento normal, as cédulas e bonos de internacionalización deixarán de devindicar xuros tanto se se presentaron ao cobramento coma se non.

Conforme o disposto no artigo 950 do Código de comercio, o reembolso dos títulos, así como o pagamento dos seus xuros e primas, deixarán de ser exhibibles aos tres anos do seu vencemento.

Artigo 12. *Límites de emisión dos bonos de internacionalización.*

1. O valor actualizado dos bonos de internacionalización, entendido como a suma de todos os fluxos pecuniarios descontados ao presente utilizando a curva de tipos de xuro de mercado relevante, deberá ser inferior, polo menos nun 2 por cento, ao valor actualizado dos préstamos e créditos afectos á emisión.

2. Para os efectos de calcular os valores actualizados mencionados no número anterior utilizarase a curva de tipos de xuro de operacións de permuta financeira en euros («euro swap curve»).

No caso dos bonos de internacionalización e dos préstamos ou créditos afectos á emisión de bonos de internacionalización denominados en moedas diferentes do euro, utilizarase para calcular o seu valor actualizado a curva de tipos de xuro de operacións de permuta financeira na moeda en que estean denominados. Os valores actualizados calculados en moedas distintas ao euro converteranse ao euro utilizando o tipo de cambio do momento do cálculo.

3. Para os efectos do cálculo do límite de emisión establecido no número 1:

a) O valor actualizado dos bonos de internacionalización propios que se encontren na carteira da entidade emisora non poderá ser minorado.

b) Deducirase do nominal pendente de cobramento dos préstamos e créditos afectados como garantía á emisión de bonos de internacionalización o nominal dos préstamos e créditos afectados que se encontren en mora de máis de noventa días e cuxo garante, se o houbese, non atendese as súas obrigas de pagamento con respecto ao préstamo ou crédito durante un período superior a noventa días.

Artigo 13. *Límites de emisión das cédulas de internacionalización.*

1. O nominal das cédulas de internacionalización emitidas por unha entidade e non vencidas non poderá superar o 70 por cento dunha base de cómputo formada pola suma do nominal pendente de cobramento de todos os préstamos e créditos da carteira da entidade que resulten elixibles de acordo co artigo 34.6 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.

O nominal das cédulas de internacionalización emitidas por unha entidade e non vencidas e o nominal pendente de cobramento dos préstamos e créditos da carteira da entidade afectos á emisión de cédulas de internacionalización que se encontren denominados en moedas diferentes do euro converteranse ao euro utilizando o tipo de cambio do momento do cálculo.

2. Se a entidade tivese emitido bonos de internacionalización, excluírase da base de cómputo aludida no número anterior o importe íntegro de calquera préstamo ou crédito afecto ás ditas emisións.

3. Para efectos do cálculo do límite de emisión establecido no número 1:

a) O nominal das cédulas de internacionalización propias emitidas e non vencidas que se encontren na carteira da entidade emisora non poderá ser deducido do nominal das cédulas de internacionalización.

b) O nominal dos préstamos e créditos elixibles de acordo co artigo 34.6 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, que se encontren en mora de máis de noventa días e cuxo garante, se o houbese, non atendese as súas obrigas de pagamento con respecto

ao préstamo ou crédito durante un período superior a noventa días, será deducido do nominal pendente de cobramento dos préstamos e créditos elixibles conforme o mencionado artigo.

Artigo 14. Restablecemento da proporción.

1. A porcentaxe límite de emisión de cédulas e bonos de internacionalización non se poderá superar en ningún momento.

2. Non obstante, se o límite se traspasa por incrementos nas amortizacións dos préstamos e créditos afectos ou por calquera outra causa sobrevida, a entidade emisora deberá restablecer o equilibrio mediante as seguintes actuacións:

- a) Depósito de efectivo ou de fondos públicos no Banco de España.
- b) Adquisición no mercado das súas propias cédulas e bonos de internacionalización para a súa posterior amortización.
- c) Outorgamento de novos préstamos ou créditos, elixibles de acordo co artigo 34.6 e 8 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.
- d) Afectación ao pagamento dos bonos de internacionalización, mediante escritura pública, de novos préstamos ou créditos elixibles de acordo co artigo 34.8 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.
- e) Afectación ao pagamento das cédulas ou bonos de internacionalización de novos activos de substitución, dos mencionados no artigo 34.9 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, sempre que con iso non se superen os límites establecidos no dito número.
- f) Amortización de cédulas e bonos de internacionalización polo importe necesario para restablecer o equilibrio. Esta amortización, se for necesario, será anticipada.

3. O depósito de efectivo ou fondos públicos deberase realizar nun prazo máximo de dez días hábiles a partir do seguinte a aquel en que se producise o desequilibrio, sempre que non se restablecese no citado prazo.

En todo caso, nun prazo máximo de tres meses deberán, mediante calquera das actuacións recollidas no número 2.b), c), d), e) e f), restablecerse as proporcións a que se refiren os artigos 12 e 13.

4. O depósito de diñeiro ou fondos públicos a que se refire o punto 2.a) quedará especialmente afectado por ministerio da lei, en concepto de peñor, ao reembolso do capital das cédulas e bonos, deducido o importe das primas de calquera clase que sexan. Se devindicar xuros ou produtos, o seu importe quedará igualmente afectado ao pagamento de xuros das ditas cédulas e bonos e, se houber sobranse, ao das primas de reembolso.

A entidade emisora das cédulas ou bonos de internacionalización non poderá dispor do dito depósito nin dos seus xuros ou produtos no prazo de tres meses desde a constitución. Unicamente se poderá dispor do dito depósito para reembolsar anticipadamente bonos e cédulas, outorgar novos préstamos ou créditos elixibles de acordo co artigo 34.6 e 8 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, ou pagar no seu vencemento os xuros ou capitais das cédulas ou bonos en circulación que venzan dentro do indicado prazo.

5. No caso de concurso, as cédulas ou bonos de internacionalización adquiridos no mercado quedarán automaticamente amortizados.

6. O Banco de España poderá, excepcionalmente, autorizar a variación dos períodos transitorios necesarios para conseguir o axuste aos límites de emisión ou a disposición dos fondos depositados.

CAPÍTULO III

Transmisión e negociación de cédulas e bonos de internacionalización no mercado secundario

Artigo 15. *Modos de transmisión.*

As cédulas e bonos de internacionalización serán transmisibles por calquera dos medios admitidos en dereito e sen necesidade de intervención de fedatario público nin notificación ao debedor. Cando sexan nominativos poderanse transmitir por declaración escrita no mesmo título.

Artigo 16. *Admisión en mercados regulados ou en sistemas multilaterais de negociación.*

A admisión a negociación en mercados regulados ou en sistemas multilaterais de negociación das cédulas e bonos de internacionalización emitidos conforme a Lei 14/2013, do 27 de setembro, e este real decreto, axustarase á Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Artigo 17. *Operacións sobre cédulas e bonos de internacionalización propios.*

1. As entidades emisoras a que fai referencia o artigo 2 poderán negociar as súas propias cédulas e bonos de internacionalización e, para tal fin, compralos, vendelos e peñoralos para regular o adecuado funcionamento da súa liquidez e cotización no mercado e para os efectos mencionados no artigo 14. Tamén poderán amortizar anticipadamente os ditos valores sempre que, por calquera causa, consten en poder e posesión lexítima da entidade emisora.

2. As entidades emisoras a que fai referencia o artigo 2 tamén poderán adquirir e manter en carteira cédulas e bonos de internacionalización propios que, no caso de emisións cuxa distribución se realizase entre o público en xeral, non poderá exceder o 50 por cento de cada serie. Cando a entidade emisora leve a cabo adquisicións de cédulas e bonos de internacionalización propios deberá informar o mercado, con carácter previo, das compras que prevexa realizar. Esta información será considerada como información relevante para os efectos do artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

O ministro de Economía e Competitividade poderá modificar o límite anterior cando a evolución dos mercados financeiros o aconselle.

3. A entidade emisora de cédulas e bonos de internacionalización poderá superar o límite establecido no número anterior cando a adquisición de títulos propios se leve a cabo a través dunha oferta dirixida a todos os tedores de cédulas ou bonos dunha mesma serie e teña por finalidade a amortización ou o troco dos títulos adquiridos.

CAPÍTULO IV

Supervisión

Artigo 18. *Competencias de supervisión.*

De conformidade co previsto na súa respectiva lexislación, a competencia de supervisión en materia de cédulas e bonos de internacionalización:

a) Corresponderalle ao Banco de España no que se refire ao control e inspección das condicións exigibles aos activos que poden servir de cobertura á emisión de cédulas e bonos de internacionalización, incluído o control e a inspección do rexistro contable en que deben constar. Se o Banco de España detectar incumprimento das proporcións establecidas neste real decreto entre as partidas de activo e pasivo dos emisores de cédulas ou bonos de internacionalización, comunicarallo inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores para os efectos oportunos.

b) Corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores o referido á supervisión dos requisitos exixibles, conforme o título III da citada Lei 24/1988, do 28 de xullo, para as ofertas públicas de cédulas e bonos de internacionalización, así como, de acordo co título IV desta, os aspectos referentes ao mercado secundario dos títulos desa natureza que se negocien en mercados oficiais; todo iso sen prexuízo das competencias atribuídas á propia Comisión polas normas que regulan a titulización de todo tipo de activos. Adicionalmente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalle solicitar ao Banco de España información sobre o cumprimento das proporcións establecidas neste real decreto entre as partidas de activo e pasivo dos emisores de cédulas ou bonos de internacionalización.

Disposición adicional única. *Rexistro contable especial de cédulas territoriais.*

1. A entidade emisora de cédulas territoriais levará un rexistro contable especial que se actualizará de forma continua, onde constarán, co contido que determine o Banco de España, todos os préstamos e créditos que cumpran os requisitos establecidos no punto primeiro do artigo 13 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

2. O Banco de España determinará os datos esenciais do rexistro mencionado nesta disposición adicional que se deberán incorporar ás contas anuais da entidade emisora e que incluirá, como mínimo, o valor nominal da totalidade dos préstamos ou créditos concedidos ao Estado, ás comunidades autónomas e aos entes locais, así como aos organismos autónomos e ás entidades públicas empresariais dependentes deles ou a outras entidades de natureza análoga do Espazo Económico Europeo que non estean vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos nin á internacionalización de empresas.

3. As entidades emisoras de cédulas territoriais deberán incluír unha nota específica na súa memoria anual de actividades que se refira aos datos mencionados no número anterior. A dita nota incluirá, adicionalmente, unha manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente da entidade, relativa á existencia de políticas e procedementos expresos en relación coas súas actividades de financiamento de entes públicos e pola cal o dito órgano se faga responsable do cumprimento da normativa aplicable para a emisión destes valores.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

O número 6 do artigo 50 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda redactado como segue:

«6. Cédulas territoriais, cédulas de internacionalización, bonos de internacionalización e activos e dereitos do mercado hipotecario, incluídas as titulizacións hipotecarias, emitidos por sociedades establecidas no Espazo Económico Europeo e negociados en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Para o caso de valores de nova emisión aplicarase a mesma norma de aptitude transitoria referida no punto 1.a.)»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases de ordenación de crédito, banca e seguros e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Competitividade para modificar o límite establecido no artigo 17.2 cando a evolución dos mercados financeiros o aconselle.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO

ANEXO I

Modelo de rexistro contable especial de activos de substitución

Código da operación (código ISIN).
Datos dos emisores.
Código de identificación (NIF ou código asignado pola Central de Información de Riscos).
Nome.
País de residencia.
Datos da operación.
Tipo de activo.
Moeda.
Importe.
Datas:
Consideración como activo de substitución.
Exclusión como activo de substitución.
Vínculo cos títulos de internacionalización.
Tipo de título vinculado: cédula ou bono.
Data de emisión do título vinculado.
Identificación do título vinculado.

ANEXO II

Modelo de rexistro contable especial de instrumentos financeiros derivados

Código da operación.
Datos da contraparte.
Código de identificación (NIF ou código asignado pola Central de Información de Riscos).
Nome.
País de residencia.
Datos da operación.
Clase de risco (derivados de risco de tipo de xuro, derivados de risco de cambio, derivados de risco de crédito).
Tipo de instrumento (permutas, FRA, futuros financeiros, opcións, outros produtos).
Mercado (organizado, non organizado).

Moeda.

Importes (nocial).

Datas:

Inicio de vínculo.

Final de vínculo.

Vínculo cos títulos de internacionalización:

Tipo de título vinculado: cédula ou bono.

Data de emisión do título vinculado.

Identificación do título vinculado.